
UN MONSTRO VÉN A VERME

Texto de **PATRICK NESS**

Idea orixinal de **SIOBHAN DOWD**

Tradución ao galego de **XESÚS FRAGA**

Imaxe de portada de **JIM KAY**

Encadernación rústica. 13,8 x 20,5 cm. 144 páx. 13 €.

ISBN 978-84-16721-04-7. Fatoría K de Libros. Narrativa K.

PREMIO THE RED HOUSE

PREMIO NATIONAL GALAXY

MEDALLA CARNEGIE AO MÉRITO LITERARIO

MEDALLA KATE GREENAWAY AO MÉRITO ARTÍSTICO

...Fora un soño. Que outra cousa podía ser?

Cando abrira os ollos pola mañá, o primeiro que vira fora a xanela. Seguía alí, claro, intacta, sen un enorme burato cara ao xardín. Claro que si. Só un bebé crería que sucedera de verdade. Só un bebé podería crer que unha árbore –en serio, unha árbore– viñera andando polo outeiro abaixo e atacara a casa...


Conor tiña o mesmo pesadelo todas as noites desde que a súa nai enfermara gravemente. Pero algo distinto sucedeu unha madrugada ao espertar e atopar un monstro na súa ventá. Era moi antigo, moi vello, e viña con toda a forza da natureza reclamando algo moi importante: o segredo máis oculto de Conor. O rapaz -malia estar asustado ante dureza coa que se lle presenta a vida: a doenza da nai, a difícil relación coa avoa, a longa distancia que o separa do pai, os problemas na escola- ten que asumir a verdade, a súa realidade.

“Un monstro vén a verme” é unha extraordinaria e exitosa novela sobre o amor, a perda e a esperanza. A partir da idea orixinal da escritora norirlandesa Siobhan Dowd, que en 2007 perdeulle a batalla ao cancro, Patrick Ness tece unha historia emocionante, divertida e conmovedora na que o valor pode superar a dor. O seu tratamento da enfermidade e da morte non é frívolo, enganoso nin edulcorado, senón auténtico, contundente e audaz.

Unha narración sinxela pero profunda, con moitas capas, que sacude e non deixa indiferente, invitando á reflexión.



[Fotograma da película “Un monstro viene a verme”, dirixida por Juan Antonio Bayona]



-
- **Temática:** o amor, a perda, a esperanza.
 - **Idade recomendada:** lectores xuvenís e adultos.
 - **Aspectos destacables:** enfermidade; familia; adolescencia; crecemento, madurez; adaptación cinematográfica dirixida por Juan Antonio Bayona.
-

Patrick Ness

(Estados Unidos, 1971)

Estudou Literatura Inglesa na Universidade do Sur de California. Dende 1999 reside no Reino Unido. Impartiu clases de escrita creativa na Universidade de Oxford e traballou como escritor e corrector para varios xornais. Ten publicadas varias novelas para público xuvenil e adulto. Gañou en dúas ocasións a Medalla Carnegie, ademais do Premio Guardian de narrativa infantil e o Booktrust de narrativa xuvenil. Conseguiu o recoñecemento da crítica pola súa triloxía xuvenil “Chaos walking”.
<http://www.patrickness.com>

Xesús Fraga

(Londres, 1971),

Estudou xornalismo na Universidade de Salamanca e traballa na sección de Cultura de La Voz de Galicia, ademais das súas facetas como escritor e tradutor. Como autor publicou varios libros para lectores mozos e adultos. Traduciu ao galego obras de Julian Barnes e Nabokov; por “Lolita” (Fatoría K) recibiu o Premio Lois Tobío 2008 de Tradución (Asociación Galega de Editoras). Tamén recibiu os premios Rubia-Barcia, Raíña Lupa e Frei Martín Sarmiento.

www.FAKTORÍA  DE LIBROS.com

comunicacion@faktoriakdelibros.com
